



Concello de Xinzo de Limia

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2018/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	7 de xaneiro de 2019
Duración	Desde as 11:05 ata as 13:30 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	MANUEL CABAS LOPEZ
Secretario	Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34729730Y	CARLOS GOMEZ SALGADO	SÍ
34944140X	ELVIRA LAMA FERNANDEZ	SÍ
34961770E	EVA ORO VILLARINO	SÍ
44451990M	FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	SÍ
34374297S	ISIDORO SANCHEZ BLANCO	SÍ
34984024N	JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES	SÍ
76716532D	LUIS MIGUEL GIL PENIN	SÍ
46506299T	MANUEL CABAS LOPEZ	SÍ
34957758N	MANUEL PEREZ CAMPOS	SÍ
76704603V	MARIA DOLORES CALVO LOPEZ	SÍ
44455043E	MONTSERRAT LAMA NOVOA	SÍ

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ

Asiste o **arquitecto municipal Rafael Nogueiras Mascareñas**.

Con carácter previo á verificación pola Secretaria da válida constitución do pleno, intervéñ o Sr. Alcalde pedindo un minuto de silencio con motivo do falecemento de D. **Eloy Conde Conde**, ex-futbolista e ex-adestrador das categorías inferiores do Antela, F.C.

Seguidamente unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Presidente pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día 30/11/2018.

Sometida a votación **resulta aprobada por unanimidade a acta referida**.

Expediente 464/2018. RECOÑECIMIENTO CARLOS CANAL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó Ditame da **Comisión Informativa de Cultura, Festexos, Deportes, Xuventude e Educación**, do día 02/01/2019, do seguinte teor literal:

"(...) Visto Acordo de Xunta de Goberno de data 29 de xaneiro de 2018 polo que se inicia ó expediente de honra ós membros da Policía Xudicial de Xinzo de Limia do seguinte teor literal:



Concello de Xinzo de Limia

“Vista a Proposta do Concelleiro de Deportes, Educación e Xuventude, de data 16/01/2018, do seguinte teor literal: "(...) D. Carlos Canal Blanco, nacido e veciño de Xinzo de Limia, leva anos gañando Campionatos e Competicións tanto Autonómicas como Nacionais no deporte da BTT, SOLICITO QUE: Dende o Concello de Xinzo de Limia se faga un recoñecemento aos logros deste deportista. (...)”

Visto o informe de Secretaría, de data 17/01/2018.

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos membros asistentes, o seguinte:

1) Tomar razón da citada proposta e do referido informe. 2) Propoñer que se outorgue medalla ó deportista Carlos Canal Blanco. 3) Nomear como órgano instrutor do procedemento para acreditar os méritos que concorran na persoa proposta, Concelleiro de Deportes, D. Luís Miguel Gil Penín, sendo Secretaria do mesmo a que é a do Concello, e tendo en conta o establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. 4) Comunicar ó instrutor o nomeamento e darlle traslado de cantas actuacións existan ó respecto, habilitándolle para que realice tódalas actuacións necesarias para acreditar a existencia ou non de méritos, calidades e circunstancias singulares que xustifiquen o outorgamento de medalla a D. Carlos Canal Blanco.”

Vista memoria do instrutor de data 25 de decembro de 2018 na que se recollen os méritos do deportista, sendo ésta do seguinte teor literal:

“Nace en Xinzo de Limia un 28 de xuño do ano 2001, cursa os estudos de Infantil e Primaria no centro escolar da nosa vila “Rosalía de Castro”, onde súa nai, Tina Blanco, imparte clases. No ano 2013 empeza a ESO no IES Lagoa de Antela continuando ata o día de hoxe cursando 2º de Bachiller neste centro.

Os seus primeiros pasos no deporte foron no campito, pista de fútbol sala que ten ao carón do seu domicilio na zona do Polígono.

Ata os 12 anos estivo enrolado nos equipos base de fútbol e fútbol sala do EDC Xinzo, xogando na demarcación de gardameta. Pouco a pouco foi perdendo a afición polo balón pero non polo deporte, xa que na súa casa dende pequenos, tanto a el coma súa irmá, Carmen Canal; xogadora de baloncesto, fútbol sala e boa atleta; se lles inculcou que o deporte era unha boa base de formación ben complementada cos estudos.

Decide entón, probar no mundo da bicicleta. Recala no Club Ciclista Maceda, entidade deportiva pioneira na nosa provincia no mundo da bicicleta; e empeza a formarse nas modalidades de BTT e Ciclocrós, na Escola Ciclismo J. A. Hermida dirixida por Xulio Conde, pertencente a dito club.

Compaxina os adestramentos en grupo en terras de Maceda e os individuais na zona da Limia.

Peza básica no seu día a día como ciclista é seu pai, Manuel Canal, xa que pasa a ser o seu mecánico e chófer, aparte dun apoio indispensable para o día a día antes e despois dos adestramentos e carreiras. Moitos quilómetros e moitas horas de coche para ir adestrar e para ir as probas que cada ano se disputaban tanto no calendario autonómico como despois no nacional.

Con moita dedicación, traballo e esforzo; Carlos empeza a despuntar entre os demais, e no ano 2015 conquista o seu primeiro Campionato Galego de Ciclocrós. Inicio dun longo e exitoso palmarés para un deportista que conta a día de hoxe con só con 17 anos.

Tanto Campionatos Galegos como Nacionais enchen o seu, corto en anos pero longo en éxitos, currículo; como a súa participación en Campionatos internacionais como Mundiais ou Xogos Olímpicos da Xuventude; ou o Premio Más Deporte ao Mellor Deportista.

Agora mesmo xa pertence ao selecto grupo de candidatos a formar parte das seleccións absolutas nacionais que competirán nos vindeiros anos tanto en mundiais como en olimpíadas; e seguir conquero grandes éxitos tanto individuais como por equipos.

MÉRITOS DEPORTIVOS

-Bicampión galego de contrareloxo individual, en maio de 2016 e maio de 2017.

-Tricampión galego de BTT XCO, nos anos 2016, 2017 e 2018.

-Tricampión galego de Ciclocrós, nos anos 2015, 2016 e 2017.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

- Subcampión de España de Ciclocrós no ano 2017.
- Campión de España de Ciclocrós no ano 2018.
- Segundo no Campeonato de España de BTT, no ano 2016
- Décimo no campeonato de España de BTT na modalidade de Cross Country Olímpico, no ano 2017.
- Subcampión de España de BTT na modalidade de Cross Country Olímpico, no ano 2018.
- Participou, formando parte da Selección española de ciclismo, no Campeonato de Europa de BTT XCO no ano 2018 , así como no Campeonato do Mundo celebrado en Lenzerheide (Suiza) onde quedou clasificado como mellor español na súa categoría.
- Tomou parte, coa Selección Española de Ciclismo, no Campionato do Mundo de Ciclocrós celebrado en Valkenburg (Países Baixos) no ano 2018.
- Décimo segundo posto nos Xogos Olímpicos da Xuventude 2018, que tiveron lugar en Buenos Aires (Arxentina).

OUTROS MÉRITOS

- GAÑADOR COPA DE ESPAÑA BTT XCO 2017, VENCENDO NAS 4 PROBAS
- GAÑADOR DA XERAL DA TAÇA DE PORTUGAL DE BTT 2017, VENCENDO NAS 4 PROBAS
- 1º XERAL FINAL JUNIOR COPA DE ESPAÑA BTT XCO-COFIDIS 2018.
- 1º XERAL FINAL JUNIOR COPA CATALANA INTERNACIONAL 2018
- 1º XERAL FINAL JUNIOR MASSI SUPER CUP INTERNACIONAL 2018
- 2º XERAL FINAL COPA DE ESPAÑA DE CICLOCROSS 2017-2018
- 10º COPA DO MUNDO CICLOCROSS NONMAY (Francia) 21/01/2018"

Visto informe de Secretaría en relación ao procedemento a seguir

ELÉVASE Á COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA Á SEGUINTE PROPOSTA DE DITAME

PRIMEIRO. Que se outorgue medalla o deportista Carlos Canal Blanco polos méritos descritos na memoria elaborada polo instructor do expediente.

SEGUNDO. Comunicar este acordo ó interesado citándoo para que acuda á sesión solemne na que procederase a entregarlle medalla. Esta sesión celebrarase nun acto público no Salón de Plenos do Concello e coa maior solemnidade posible.

TERCEIRO. Inscribir no Libro Rexistro de Honores e Distincións os galardóns concedidos.

CUARTO. Elevar esta proposta ó Plenario para que este decida ó mais convinte para os intereses municipais. "

Non producíndose debate resulta ditaminado favorablemente por unanimidade, a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Que se outorgue medalla ó deportista Carlos Canal Blanco polos méritos descritos na memoria elaborada polo instructor do expediente.

SEGUNDO. Comunicar este acordo ó interesado citándoo para que acuda á sesión solemne na que se procederá a entregarlle medalla. Esta sesión celebrarase nun acto público no Salón de Plenos do Concello e coa maior solemnidade posible.

TERCEIRO. Inscribir no Libro Rexistro de Honores e Distincións os galardóns concedidos.

CUARTO. Elevar esta proposta ó Plenario para que este decida ó mais convinte para os intereses municipais. (...)"

Sen producirse debate a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros, adoitándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO. Que se outorgue medalla ó deportista Carlos Canal Blanco polos méritos descritos na memoria elaborada polo instructor do expediente.

SEGUNDO. Inscribir no Libro Rexistro de Honores e Distincións os galardóns concedidos.

Seguidamente procédese a visualizar unha proxección na que se reflicte a traxectoria do



Concello de Xinzo de Limia

homenaxeado, remantando o acto coa entrega da medalla.

Expediente 8331/2018. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL "XINZO ADIANTE" PARA QUE O CONCELLO DE XINZO INSTE Á XUNTA DE GALICIA A ESIXIR O CUMPRIMENTO DO CONTRATO DE CESIÓN DA XESTIÓN DA ESTACION DE AUTOBUSES DE XINZO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Infraestruturas***, do día 02/01/2019, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o escrito presentado o 11/12/2018 (2018-E-RC-8484) polo *Grupo municipal Xinzo Adiante*, por medio do cal achegan Mocion do seguinte teor literal:

"(...) MOCIÓN PARA QUE O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA INSTE Á XUNTA DE GALICIA A ESIXIR O CUMPRIMENTO DO CONTRATO DE CESIÓN DA XESTIÓN DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE XINZO DELIMIA.

No ano 2001, saíu a concurso a concesión da explotación da estación de autobuses de Xinzo de Limia. A Xunta de Galicia adxudicoulle esta concesión a unha empresa =Socintransa-, que dende ese ano 2001 ata o actual 2018 non está a cumprir cos pregos de contratación esixidos; é dicir, non cumpre coas obrigas contractuais.

No prego de contratacións contemplábase a creación de tres postos de traballo, que nonse crearon.

Tamén figura a obriga por parte da concesionaria de dispoñer dun local para o uso dos usuarios da estación de autobuses, onde figurasen os horarios das distintas liñas de autobús.

No mesmo local, debería haber taquillas, aseos e sala de espera á disposición dos usuarios e un posto de expedición de billetes, que tería que ser atendido por eses tres empregados/as. Este local debería estar aberto desde as 6 da mañá ata as 12 da noite e sempre debería haber un empregado de garda por se algún autobús chega fóra dese horario; como todos sabemos, nin está nin se espera. O que actualmente existe é un bar onde se expiden billetes.

Do mesmo xeito, a empresa concesionaria ten a obriga manter a Parada de autobuses en perfecto estado de limpeza e resulta que é o propio concello quen sefai cargo destes labores, sen que lle correspondan.

Igualmente a empresa tiña que velar pola ordenación do tráfico, algo que evidentemente non fai.

Outra das condicións contractuais consiste en instalar unha megafonía permanente anunciando as chegadas e saídas de autobuses.

Cómpre lembrar que falamos dunha concesión adxudicada no 2001 ata o 2021.

Unha concesión da que se beneficia a empresa concesionaria pero que incumpriu sistematicamente os pregos de contratación.

Xa que logo, a empresa concesionaria nin dispón na parada de buses dun local coas instalacións e horario de apertura recollidos no contrato, nin instalou megafonía, nin creou os tres postos de traballo, nin ordena o tráfico na estación de autobuses, nin realiza os labores de limpeza, nin dispón de aseos para os usuarios, e moito menos cumpre co horario de atención aos viaxeiros estipulado.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Por todo o exposto, desde Xinzo Adiante instamos ao Pleno do Concello de Xinzo de Limia á adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia e, concretamente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a que obrigue á empresa concesionaria da explotación da Estación de autobuses de Xinzo de Limia a que cumpra coas condicións contractuais e que se adopten as sancións oportunas ante o reiterado incumprimento das mesmas.

2. Que en caso de proseguir con este incumprimento proceda a rescindir o devandito contrato de concesión. (...)"

Tras o debate resulta ditaminado favorablemente, por unanimidade de tódolos concelleiros, a seguinte proposta de acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia e, concretamente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a que obrigue á empresa concesionaria da explotación da Estación de autobuses de Xinzo de Limia a que cumpra coas condicións contractuais e que se adopten as sancións oportunas ante o reiterado incumprimento das mesmas.

2. Que en caso de proseguir con este incumprimento proceda a rescindir o devandito contrato de concesión. (...) "

O **Sr. Alcalde** da paso á **quenda de intervencións.**

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos, de "Xinzo Adiante"**, felicitando o ano a tódolos presentes e agradecendo a tódolos grupos o apoio recibido no presente asunto, engadindo que dita actuación deberíase ter feito fai moito tempo, dado que a empresa nunca cumpriu o contrato.

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez, do Grupo Mixto**, felicitando tamén o ano a tódolos presentes. Manifesta a súa conformidade coa moción presentada ó considerar que a concesionaria debería executar o contrato nos termos previstos nos pregos.

Intervén a **Sra. Elvira Lama, do Grupo Socialista** felicitando o ano e desexando saúde e sorte a tódolos presentes. Sinala que a moción ven a colación dun contrato celebrado no ano 2001 no que parece ser que no prego hai cláusulas que incumpre a concesionaria, segundo se indica na moción, incumprimentos que nunca foron detectados polo grupo de goberno, motivo polo que manifesta o seu apoio a que se inste á Xunta de Galicia para que previos trámites se lle faga cumprir á concesionaria os termos do contrato.

Intervén o **Concelleiro Carlos Gómez, do grupo de goberno**, felicitando igualmente o ano a tódolos presentes e indica que o seu grupo votará a favor da moción dado que consideran axeitado que a Xunta, previas inspeccións pertinentes, e en base aos resultados da mesma fagan adoptar á concesionaria as medidas oportunas a fin de dar debido cumprimento ó contrato.

Finalmente a proposta de acordo resulta aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros, adoitándose o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia e, concretamente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a que obrigue á empresa concesionaria da explotación da Estación de autobuses de Xinzo de Limia a que cumpra coas condicións contractuais e que se adopten as sancións oportunas ante o reiterado incumprimento das mesmas.



Concello de Xinzo de Limia

2. Que en caso de proseguir con este incumprimento proceda a rescindir o devandito contrato de concesión.

Expediente 8353/2018. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR DOTACION ECONOMICA PARA A MELLORA DO VIAL E BEIRARRÚAS DA AVDA. DE OURENSE.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Infraestruturas***, do día 02/01/2019, co seguinte teor literal:

"(...) Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o 26/12/18 (2018-E-RC-8798), presentado polo polo Grupo Municipal Popular, por medio do cal xuntan Moción, do seguinte teor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Levamos moitos anos tendo unha das arterias principais da nosa vila, sen rematar, sen beirarrúas nin vías de servizos adecuados para ser unha estrada principal ao paso por unha vila. Esta estrada é a N-525 á súa entrada norte no Concello de Xinzo de Limia, denominada Avenida de Ourense.

As queixas de usuarios, veciños, comerciantes, empresarios, estudantes, Anpas, ... levan sendo continuas estes anos. É o vial que nos comunica con case toda Galicia e parte do Norte de España, entrada principal norte da nosa Vila e Concello comunicada coa A-52 no seu enlace Km. 193.

ACORDO:

Instar ao Ministerio de Fomento do Goberno de España de dotar dunha partida económica para a mellora das beirarrúas e vial de servizo exintente do marxe dereito en dirección a Ourense e construción de beirarrúas e vial de servizo da marxe esquerda na N-525 no tramo denominado Avenida de Ourense ao seu paso pola nosa Vila.”

Non producíndose debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), do concelleiro do Grupo Mixto (1), e dos concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), a seguinte proposta de acordo:

Instar ao Ministerio de Fomento do Goberno de España de dotar dunha partida económica para a mellora das beirarrúas e vial de servizo exintente do marxe dereito en dirección a Ourense e construción de beirarrúas e vial de servizo da marxe esquerda na N-525 no tramo denominado Avenida de Ourense ao seu paso pola nosa Vila. (...)."

O Sr. Alcalde da paso á primeira quenda de intervencións.

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez, do Grupo Mixto**, para manifestar a súa conformidade coa moción, se ben salienta o feito de que agora o grupo de goberno, a raíz do cambio de goberno en Madrid, reivindique dita actuación, dado que dita necesidade xa existía hai moitos anos, desexando que a citada actuación sexa unha realidade o antes posible.

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos, do Grupo Xinzo Adiante**, para manifestar o seu apoio á moción, se ben puntualiza que o grupo de goberno goberna para o seu partido e non para os veciños dado que ditas beirarrúas están penosas dende hai moito tempo e non se fixo nada por parte do mesmo ata agora a raíz do cambio do goberno central. Engade que isto é o mesmo que sucedeu coa rotonda e a circunvalación de Xinzo de Limia.



Concello de Xinzo de Limia

Intervén a **Sra. Elvira Lama, do Grupo Socialista**, para manifestar que esta moción é unha vella demanda da oposición motivo polo que se congratula da mesma. Sinala que o grupo de goberno durante 15 anos mantivo unha actitude de desidia e efectuou unha inversión pírrica no Concello de Xinzo de Limia o que se reflicte na imaxe de vila abandonada coa que nos atopamos. Segue a súa intervención indicando que o seu grupo municipal votará a favor por responsabilidade política, dado que se trata de pedir cartos. Recrimínalle ó grupo de goberno o feito de que rexeitaran pedir financiación para o Parque Empresarial á Xunta de Galicia e recoméndalles que convenzan aos deputados nacionais do PP para que voten a favor dos orzamentos de Pedro Sánchez a fin de que o Concello de Xinzo poida contar coa financiación que se pide.

Intervén o **Sr. concelleiro Carlos Gómez, do Grupo de Goberno**, contestando en primeiro lugar á portavoz do grupo municipal PSOE que os deputados do Partido Popular votarán a favor dos orzamentos estatais cando favorezan a todos por igual e neste eido non se trate dun pasaxe para contentar ós cataláns. Asemade, manifesta que quen fixo a obra da Avda. de Portugal foi o PP e non o partido socialista, a pesar de que dito partido dedicouse a vender o slogan "gracias Touriño". En canto ó manifestado polo portavoz do grupo municipal Xinzo Adiante indica que o grupo de goberno está cumprindo cos compromisos da circunvalación e da Avda. de Celanova dado que ahí están os máis de dous millóns de euros.

O **Sr. Alcalde** da paso á **segunda quenda de intervencións**.

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos, do Grupo Xinzo Adiante**, para recordarlle ó portavoz do grupo municipal do PP que cando o cabeza de lista do ano 2015 falaba de circunvalación era outra e non a da Avda. de Celanova á que alude e que o Presidente da Xunta manifestou que os máis de dous millóns que se van a destinar á citada obra corresponden á inversión que se debería haber feito nos últimos dez anos.

Intervén a **Sra. Elvira Lama, do Grupo Socialista**, para recordar ó portavoz do grupo municipal do PP que foi o Presidente Touriño o que fixo o proxecto, dotouno de partida orzamentaria precisa para que a obra da Avda. de Portugal fora unha realidade e que o PP o único que fixo foi adxudicar a citada obra remitíndolle á hemeroteca a estes efectos.

O **Sr. Alcalde**, remata as quendas de intervencións indicando que o grupo de goberno non precisa mirar a hemeroteca para saber que a actuación de Touriño na Avda. de Portugal foi so propaganda. Sinala que o que se pide na presente moción é unha actuación que o anterior alcalde Antonio Pérez Rodríguez xestionou en varias ocasións en Madrid, e dado que á data actual non se conseguiu e polo que se está pedindo de novo, independentemente de quen sexa o partido que esté gobernando a nivel central.

Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros, adoitándose o seguinte acordo:**

Instar ao Ministerio de Fomento do Goberno de España de dotar dunha partida



Concello de Xinzo de Limia

económica para a mellora das beirarrúas e vial de servizo existente do marxe dereito en dirección a Ourense e construción de beirarrúas e vial de servizo da marxe esquerda na N-525 no tramo denominado Avenida de Ourense ao seu paso pola nosa Vila.

Expediente 1157/2018. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO USO DE RECINTOS E INFRAESTRUTURAS DE CARÁCTER DEPORTIVO:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda***, do día 02/01/2019, do seguinte teor literal:

"(...) Visto a *Proposta da Alcaldía* de data 26/12/2018.

(...)

Tras o debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), e coa abstención do concelleiro do Grupo Mixto (1), e dos concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza nº 11 "reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestruturas de carácter deportivo", e nos mesmos termos nos que figuran no expediente coa redacción que a continuacións se recolle:

"Título Segundo: Feito Impoñible.

Art. 2: Feito Impoñible.

O feito imoñible do tributo está constituído:

- 1.- Pola prestación dos diferentes servizos das instalación deportivas e piscinas de titularidade municipal que non se presten ou realicen polos particulares ou empresas privadas.
- 2.- Pola mera ocupación das instalacións para finalidades extradeportivas que non implique servizo algún por parte do Concello fora da mera utilización do espazo e que conleven utilidade económica para o solicitante.

Art. 3: Supostos de non Suxeición.

1. Quedan fóra do feito imoñible gravado pola taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, o uso, utilización e disfrute das instalacións deportivas municipais para actividades propias de adestramento e preparación física dos membros de clubs ou asociacións deportivas que figuren no Libro Rexistro de Asociacións do Concello de Xinzo de Limia e que estén inscritas en competicións deportivas oficiais, que poderán utilizar as instalacións segundo as necesidades do servizo e cos límites que se establezan.
- 2.- Igualmente, quedan fóra do feito imoñible gravado pola taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, o uso, utilización e disfrute das instalacións deportivas municipais para o caso de actividades organizadas por institucións escolares.
- 3.- Igualmente, queda fora do feito imoñible gravado pola taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, a mera ocupación do polideportivo para finalidades extradeportivas que non implique servizo algún por parte do Concello e que non conleven utilidade económica algunha.

Título Terceiro: Suxeito Pasivo.

Art. 4: Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos das taxas, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica propia, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación dos diferentes servizos ou actividades das instalacións deportivas, piscinas de titularidade municipal, ou ben as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica propia, que obteñan lucro pola

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

ocupación do dominio público para actividades extradeportivas que non impliquen o disfrute de servizo algún dos prestados polo concello fora da mera utilización do espazo.

Título Cuarto: Cobramento.

Art. 5: Obriga de Contribuír.

1. A taxa cóbrase cando se solicite ou se inicie a prestación do servizo, a realización da actividade ou ben cando se solicite a ocupación das instalacións para fins extradeportivos.

2. Enténdese iniciada a prestación do servizo, en todo caso, unha vez efectuada a entrada nas instalacións municipais.

3. No caso de ocupación do dominio público para actividades extradeportivas que conleven beneficio económico e que non impliquen o disfrute de servizo algún dos prestados polo concello fora da mera utilización do espazo, o devengo prodúcese cando se inicie a ocupación, sen embargo, o concello esixirá o depósito previo do importe total antes do outorgamento da licenza, a salvo da liquidación definitiva que se poida practicar a posteriori. Asemade, poderase esixir o depósito previo do importe total da taxa no momento de solicitar a prestación do servizo ou a realización da actividade, todo elo a salvo da liquidación definitiva que se poida practicar a posteriori.

Capítulo Cuarto: Tarifas do Pavillón Municipal de Deportes de Xinzo de Limia.

Cotas e Tarifas do Pavillón Municipal de Deportes.

Art. 11.-

1. A contía das taxas por utilización dos servizos do pavillón municipal de deportes establecerase en función das tarifas seguintes:

A) Utilización de instalacións para fins deportivos (pista por hora ou fracción): 12,44€.

B) Utilización de instalacións para fins extradeportivos que conleven beneficio económico e que non impliquen o disfrute de servizo algún dos prestados polo concello fora da mera utilización do espazo público:

B1. Tarifa por hora /fracción14 €.

B2. Tarifa por día :.....84 €.

Artigo 12: normas de xestión.

A)Utilización puntual das instalacións para fins deportivos

Poderase autorizar con carácter discrecional, atendendo á dispoñibilidade das instalacións e previa solicitude do interesado, o uso das instalacións deportivas municipais de xeito puntual, a calquera persoa física o xurídica para a realización de actividades deportivas, nunha data e hora determinada, previo abono da taxa ou depósito previo nos termos establecidos no artigo 5 da presente ordenanza relativo á obriga de contribuír.

B) Utilización das instalacións de maneira estable ó longo do ano por Clubs ou Concello de Xinzo de Limia

Asociacións Deportivas que figuren no Libro Rexistro de Asociacións do Concello de Xinzo de Limia e que estén inscritas en competicións deportivas oficiais, así como por institucións escolares

1. Os clubs e asociacións deportivas inscritas como tal no rexistro municipal de asociacións, poderán solicitar autorización de uso das instalacións para a totalidade do período que comprenda o desenvolvemento da súa actividade. As solicitudes deberán presentarse no rexistro municipal por escrito durante o período que abarca dende o 1 de xuño ó 30 de setembro de cada tempada, acompañando a esta a seguinte documentación:

. - Copia dos Estatutos nos que deberá constar o seu carácter como entidade sen ánimo de lucro, así como un certificado expedido polo Secretario da Asociación no que se faga constar as persoas físicas que ostentan os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Tesoureiro e membros da Xunta Directiva, acompañando copia do seu DNI.

. - acreditación de que a entidade consta inscrita en competicións deportivas oficiais e calendario oficial da competición debidamente expedido e selado pola entidade correspondente.

.-- Memoria descritiva da actividade á que pretenda destinar a instalación solicitada detallando: · calendario no que pretende desenvolverse a actividade: número de meses, número de días, número de horas,etc, número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos (este número non poderá superar en caso algún o aforo da instalación), identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

para o seu uso por outros beneficiarios.

.- Seguro de responsabilidade civil por unha contía mínima de 300.000 euros.

As solicitudes efectuadas fora de dicho prazo serán atendidas en función da dispoñibilidade das instalacións e por orden de rexistro de entrada.

2. A autorización de uso das instalacións terá carácter discrecional atendendo á dispoñibilidade das mesmas. A orde de prioridade de uso entre os distintos solicitantes, será o fixado polo persoal técnico do Servizo Municipal de Deportes e polo Concelleiro de dita área atendendo principalmente ó número de socios e á antigüidade do club ou asociación e á súa traxectoria. No caso de denegar dita autorización, comunicárase ó solicitante mediante resolución motivada.

3. O incumprimento das condicións da autorización ou das normas previstas na presente Ordenanza poderá dar lugar a súa revogación e, no seu caso, á modificación da orden de prioridade de uso das instalacións entre clubs ou entidades para futuras autorizacións.

C) Utilización puntual das instalacións para fins extradeportivos

Mediante autorización, as instalacións deportivas municipais poderán acoller actos Concello de Xinzo de Limia deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades culturais ou sociais. Dita autorización terá carácter discrecional en atención ó interese social da actividade así como á tarifa de prezos para o caso de que se trate dunha actividade con ánimo de lucro a fin de darlle preferencia a aquelas que se consideren especialmente vantaxosas para a poboación, todo elo sen prexuízo da necesaria dispoñibilidade e de que o seu exercicio resulte tecnicamente posible. Dita autorización outorgarase a solicitude do interesado e previos informes técnicos favorables por parte dos departamentos de urbanismo e deportes así como da correspondente concellería e con suxeición á norma específica na materia á que se refira a actividade a celebrar.

C 1.- Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario que non impliquen actividade económica para o solicitante:

1. Excepcionalmente poderán autorizarse o uso das instalacións ou espazos deportivos para actividades non deportivas, previa solicitude á que se achegará a documentación relativa á personalidade da mesma; memoria descritiva da actividade á que pretenda destinarse a instalación solicitada detallando: calendario no que pretende desenrolarse a actividade, número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos (non podéndose superar en caso algún o aforo da instalación); identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións para o seu uso por outros beneficiarios; acreditar estar en posesión de póliza vixente de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos nas instalacións municipais ou responsabilidades que poidan derivarse da celebración do acto pola contía a determinar no correspondente informe técnico .

2. De igual forma a entidade usuaria encargarse de realizar todas aquelas labores de montaxe dos elementos materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade.

3. O acceso de espectadores e acompañantes estará determinado polas características da actividade e da instalación, sendo a entidade organizadora responsable do comportamento dos mesmos e dos eventuais danos que o seu comportamento puidera causar.

C 2.- Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario que implique actividade económica para o solicitante:

No presente caso, será de aplicación o establecido no punto C1, debendo a maiores aportar os solicitantes : - Memoria económica do servizo a prestar, incluíndo as tarifas a repercutir ós usuarios, custos do servizo, outros ingresos ou subvencións, etc. ; Documentación acreditativa da personalidade do empresario e a súa capacidade de contratar segundo o establecido na lexislación de contratos das Administracións públicas, abono da taxa ou depósito previo nos termos establecidos no artigo 5 da presente ordenanza relativo á obriga de contribuir.

NOTA: ELIMÍNASE O CONTIDO DOS ARTIGOS 13 E 14 o regularse os supostos incluídos neses artigos como supostos de non suxeición no artigo 3, MOTIVO POLO QUE CAMBIA A ENUMERACIÓN DOS ARTIGOS E CAPÍTULOS QUE SEGUEN.

Capítulo Quinto: Tarifas do Complexo Deportivo “A Moreira”, campo de herba artificial “José Antonio Fernández Carrera” e campo de fútbol 7 “José Antonio Fernández Carrera”:

Art. 13.- Cotas e Tarifas



Concello de Xinzo de Limia

A) Utilización campo de herba natural “A Moreira”:

1. Con iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 62,19 €.

2. Sen iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 51,86 €.

B) Utilización campo de herba artificial “Jose Antonio Fernández Carrera”:

1. Con iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 41,52 €.

2. Sen iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 31,09 €.

C) Utilización campo de fútbol 7 “Jose Antonio Fernández Carrera”:

1. Con iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 31,09 €.

2. Sen iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 20,76 €.

Normas De Xestión

Art. 14.- Normas De Xestión .

Será de aplicación íntegra o establecido no artigo 12 da presente ordenanza relativo ás normas de xestión do pavillón municipal.

NOTA: ELIMÍNASE O CONTIDO DOS ARTIGOS 17 E 18 o regularse os supostos incluídos neses artigos como supostos de non suxeición no artigo 3, MOTIVO POLO QUE CAMBIA A ENUMERACIÓN DOS ARTIGOS, CAPÍTULOS E TÍTULOS QUE SEGUEN.

Título Sexto: Normas de xestión Devolucións

Art. 15.- 1. Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo o servizo non se preste ou realice, procederá a devolución do importe correspondente.

2. Non haberá lugar a devolución de ningún importe cando o servizo non se use ou desfrute por causa imputable ó propio usuario, bastando para iso coa obriga municipal de pór ó dispor do usuario a instalación e os medios necesarios para desfrutar da actividade de que se trate.

Título Sétimo: Infraccións e sancións Infraccións e Sancións Tributarias

Art. 16.- En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias estarase ó disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e nas disposicións complementarias e demais normativa concordante que, ditada na súa aplicación e desenvolvemento, poida resultar de aplicación.

Disposición final.

A presente modificación de ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal na reunión de _____ de 2018, substitúe e derroga á anterior aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013 no que foi modificada, e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente. “SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello, nun dos diarios de maior difusión na provincia, e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por prazo de trinta (30) días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e interpor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto e realizar cantos trámites resulten precisos de cara a entrada en vigor da presente modificación da _____ Ordenanza _____ Fiscal.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Concelleiro de facenda, ó Concelleiro de Deportes así como ós servizos da área económico financeira. (...)”

O Sr. Alcalde da paso á **primeira quenda de intervencións.**

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez, do Grupo Mixto**, indicando que no mes de abril do ano 2018 tróuxose esta proposta á Comisión Informativa e quedou enriba da mesa para maior estudo porque se propuña cobrar unha taxa ridícula de 84 euros/día polo uso para fins extradeportivas do polideportivo e agora o grupo de goberno volve a traer a mesma sen revisar, motivo polo que anuncia o seu voto en contra.



Concello de Xinzo de Limia

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos, do Grupo Xinzo Adiante**, para reiterar o xa exposto polo concelleiro Ramiro relativo a que o 19/04/2018 presentouse esta proposta en comisión quedando sobre a mesa para maior estudo e agora volve a traerse a mesma proposta de modificación da ordenanza na que salienta dúas eivas, unha relativa ó artigo 3.3 que recolle os supostos de non suxeición pola ocupación do polideportivo para finalidades extradeportivas que non colevan utilidade económica e que lle sería aplicable ás formacións políticas co que non está de acordo, e outra, que atinxe ó prezo para aluguer do pavillón para actividades extradeportivas cuxa taxa diaria é ínfima, motivos todos eles polo que non está de acordo coa modificación da citada ordenanza.

Intervén a **Sra. Elvira Lama, do Grupo Socialista**, para manifestar que xa pediron na anterior comisión que se retirara a ordenanza ó considerar que a mesma é inxusta. Despois de un ano para estudo preséntase a mesma proposta de modificación na que se regala o espazo público ó propor un aluguer de 84 euros/día para fins extradeportivos, engadindo que considera que as infraestruturas deben de adicarse ó que están destinadas, e propón que en todo caso os usuarios estean empadroados en Xinzo. Neste eido conclúe que a proposta de modificación da ordenanza non está ben feita ou no seu caso trátase dun agasallo de Nadal para que alguén faga negocio.

Intervén o **Sr. Arquitecto municipal Rafael Nogueiras Mascareñas**, en calidade de redactor do informe en base ao cal se elaborou a proposta de modificación da citada ordenanza, o cal informa que a redacción do mesmo levouse a cabo en base a unha comparativa con outros concellos os cales contan con varios pavillóns a diferenza do concello de Xinzo de Limia, e salienta que a taxa proposta neste modificación para fins extradeportivos equipárase á taxa doutros municipios, engadindo que hai un problema de espazo no pavillón de Xinzo de Limia dado que o mesmo está sempre ocupado con actividades deportivas. Asemade salienta o feito de que si se quere que veñan eventos importante á Vila que conlevan unha repercusión favorable na economía do municipio é preciso unha taxa atractiva.

Intervén o **Sr. concelleiro Carlos Gómez, do Grupo de Goberno**, para indicar que cada concello ten as súas especificacións que hai que ter presentes como é o feito de que Xinzo de Limia, á data actual, só conta con un pavillón, e salienta que a proposta de modificación da ordenanza que se trae ó plenario fundaméntase nun informe técnico municipal elaborado en base a comparativas con outros concellos e que a ocupación do polideportivo para un evento extradeportivo sempre vai a estar condicionado ao que se indique nos informes técnicos, non podendo suspenderse en ningún caso actividades deportivas por mor dunha actividade extradeportiva. Remata a súa intervención recordándolle á Sra. Lama que o seu grupo pediu nalgunha ocasión que se alugara o pavillón para pernoctar visitantes nas festas do Entroido.

O **Sr. Alcalde** da paso á **segunda quenda de intervencións**.

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez, do Grupo Mixto**, indicando que agradece as explicacións dos técnicos pero que insiste que a taxa proposta é ridícula, considerando



Concello de Xinzo de Limia

que sería máis axeitado unha taxa máis alta con exencións para eventos de interese, motivo polo que pide que o expediente quede sobre a mesa.

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos, do Grupo Xinzo Adiante**, para reiterar o xa manifestado e propón que non se permitan as actividades extradeportivas si o pavillón está sempre ocupado por actividades deportivas como se indicou polo técnico municipal, motivo polo que plantexa que quede o expediente enriba da mesa a fin de estudar a posibilidade de facer unha ordenanza na que se prevea só o uso de actividades deportivas.

Intervén a **Sra. Elvira Lama, do Grupo Socialista**, manifestando que coincide co exposto polos outros portavoces aínda que entende o exposto polo técnico, pedíndolle ó grupo de goberno que se constrúa outro pavillón e propón que so se inclúa na ordenanza unha taxa por actividades deportivas e que en canto a actividades extradeportivas se decida discrecionalmente en cada caso, rematando a súa intervención solicitando ó grupo de goberno que deixe o expediente enriba da mesa.

Intervén a **Sr. Alcalde**, indicando que este concello en ningún momento se propuxo facer negocio coas instalacións do pavillón de deportes, puntualizando que de feito na proposta de modificación da ordenanza alúdese a fins "de interese social". Engade que con esta modificación o que se pretende acadar é unha ordenanza asequible para todo tipo de fins sociais e que se poidan cubrir os gastos.

Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), e cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e do Concelleiro do Grupo Mixto (BNG (1), adoitándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO. *Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza nº 11 "reguladora da taxa polo uso de recintos e infraestruturas de carácter deportivo", e nos mesmos termos nos que figuran no expediente coa redacción que a continuacións se recolle:*

"Título Segundo: Feito Impoñible.

Art. 2: Feito Impoñible.

O feito impoñible do tributo está constituído:

1.- Pola prestación dos diferentes servizos das instalación deportivas e piscinas de titularidade municipal que non se presten ou realicen polos particulares ou empresas privadas.

2.- Pola mera ocupación das instalacións para finalidades extradeportivas que non implique servizo algún por parte do Concello fora da mera utilización do espazo e que conleven utilidade económica para o solicitante.

Art. 3: Supostos de non Suxeición.

1. Quedan fóra do feito impoñible gravado pola taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, o uso, utilización e disfrute das instalacións deportivas municipais para actividades



Concello de Xinzo de Limia

propias de adestramento e preparación física dos membros de clubs ou asociacións deportivas que figuren no Libro Rexistro de Asociacións do Concello de Xinzo de Limia e que estén inscritas en competicións deportivas oficiais, que poderán utilizar as instalacións segundo as necesidades do servizo e cos límites que se establezan.

2.- Igualmente, quedan fóra do feito imponible gravado pola taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, o uso, utilización e disfrute das instalacións deportivas municipais para o caso de actividades organizadas por institucións escolares.

3.- Igualmente, queda fora do feito imponible gravado pola taxa regulada nesta Ordenanza fiscal, a mera ocupación do polideportivo para finalidades extradeportivas que non implique servizo algún por parte do Concello e que non conleven utilidade económica algunha.

Título Terceiro: Suxeito Pasivo.

Art. 4: Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos das taxas, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica propia, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación dos diferentes servizos ou actividades das instalacións deportivas, piscinas de titularidade municipal, ou ben as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica propia, que obteñan lucro pola ocupación do dominio público para actividades extradeportivas que non impliquen o disfrute de servizo algún dos prestados polo concello fora da mera utilización do espazo.

Título Cuarto: Cobramento.

Art. 5: Obriga de Contribuír.

1. A taxa cóbrase cando se solicite ou se inicie a prestación do servizo, a realización da actividade ou ben cando se solicite a ocupación das instalacións para fins extradeportivos.

2. Enténdese iniciada a prestación do servizo, en todo caso, unha vez efectuada a entrada nas instalacións municipais.

3. No caso de ocupación do dominio público para actividades extradeportivas que conleven beneficio económico e que non impliquen o disfrute de servizo algún dos prestados polo concello fora da mera utilización do espazo, o devengo prodúcese cando se inicie a ocupación, sen embargo, o concello esixirá o depósito previo do importe total antes do outorgamento da licenza, a salvo da liquidación definitiva que se poida practicar a posteriori. Asemade, poderase esixir o depósito previo do importe total da taxa no momento de solicitar a prestación do servizo ou a realización da actividade, todo elo a salvo da liquidación definitiva que se poida practicar a posteriori.

Capítulo Cuarto: Tarifas do Pavillón Municipal de Deportes de Xinzo de Limia.

Cotas e Tarifas do Pavillón Municipal de Deportes.

Art. 11.-

1. A contía das taxas por utilización dos servizos do pavillón municipal de deportes establecerase en función das tarifas seguintes:

A) Utilización de instalacións para fins deportivos (pista por hora ou fracción): 12,44€.

B) Utilización de instalacións para fins extradeportivos que conleven beneficio económico e que non impliquen o disfrute de servizo algún dos prestados polo concello fora da mera utilización do espazo público:



Concello de Xinzo de Limia

B1. Tarifa por hora /fracción14 €.

B2. Tarifa por día :.....84 €.

Artigo 12: normas de xestión.

A) Utilización puntual das instalacións para fins deportivos

Poderase autorizar con carácter discrecional, atendendo á dispoñibilidade das instalacións e previa solicitude do interesado, o uso das instalacións deportivas municipais de xeito puntual, a calquera persoa física o xurídica para a realización de actividades deportivas, nunha data e hora determinada, previo abono da taxa ou depósito previo nos termos establecidos no artigo 5 da presente ordenanza relativo á obriga de contribuír.

B) Utilización das instalacións de maneira estable ó longo do ano por Clubs ou Concello de Xinzo de Limia

Asociacións Deportivas que figuren no Libro Rexistro de Asociacións do Concello de Xinzo de Limia e que estén inscritas en competicións deportivas oficiais, así como por institucións escolares

1. Os clubs e asociacións deportivas inscritas como tal no rexistro municipal de asociacións, poderán solicitar autorización de uso das instalacións para a totalidade do período que comprenda o desenvolvemento da súa actividade. As solicitudes deberán presentarse no rexistro municipal por escrito durante o período que abarca dende o 1 de xuño ó 30 de setembro de cada tempada, acompañando a esta a seguinte documentación:

. - Copia dos Estatutos nos que deberá constar o seu carácter como entidade sen ánimo de lucro, así como un certificado expedido polo Secretario da Asociación no que se faga constar as persoas físicas que ostentan os cargos de Presidencia, Vicepresidencia, Tesoureiro e membros da Xunta Directiva, acompañando copia do seu DNI.

. - acreditación de que a entidade consta inscrita en competicións deportivas oficiais e calendario oficial da competición debidamente expedido e selado pola entidade correspondente.

. -- Memoria descritiva da actividade á que pretenda destinar a instalación solicitada detallando: · calendario no que pretende desenvolverse a actividade: número de meses, número de días, número de horas, etc, número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos (este número non poderá superar en caso algún o aforo da instalación), identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións para o seu uso por outros beneficiarios.

. - Seguro de responsabilidade civil por unha contía mínima de 300.000 euros.

As solicitudes efectuadas fora de dicho prazo serán atendidas en función da dispoñibilidade das instalacións e por orden de rexistro de entrada.

2. A autorización de uso das instalacións terá carácter discrecional atendendo á dispoñibilidade das mesmas. A orde de prioridade de uso entre os distintos solicitantes, será o fixado polo persoal técnico do Servizo Municipal de Deportes e polo Concelleiro de dita área atendendo principalmente ó número de socios e á antigüidade do club ou asociación e á súa traxectoria. No caso de denegar dita autorización, comunicarse ó solicitante mediante resolución motivada.

3. O incumprimento das condicións da autorización ou das normas previstas na



Concello de Xinzo de Limia

presente Ordenanza poderá dar lugar a súa revogación e, no seu caso, á modificación da orden de prioridade de uso das instalacións entre clubs ou entidades para futuras autorizacións.

C) Utilización puntual das instalacións para fins extradeportivos

Mediante autorización, as instalacións deportivas municipais poderán acoller actos Concello de Xinzo de Limia deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades culturais ou sociais. Dita autorización terá carácter discrecional en atención ó interese social da actividade así como á tarifa de prezos para o caso de que se trate dunha actividade con ánimo de lucro a fin de darlle preferencia a aquelas que se consideren especialmente vantaxosas para a poboación, todo elo sen prexuízo da necesaria dispoñibilidade e de que o seu exercicio resulte tecnicamente posible. Dita autorización outorgarase a solicitude do interesado e previos informes técnicos favorables por parte dos departamentos de urbanismo e deportes así como da correspondente concellería e con suxeición á norma específica na materia á que se refira a actividade a celebrar.

C 1.- Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario que non impliquen actividade económica para o solicitante:

1. Excepcionalmente poderán autorizarse o uso das instalacións ou espazos deportivos para actividades non deportivas, previa solicitude á que se achegará a documentación relativa á personalidade da mesma; memoria descritiva da actividade á que pretenda destinarse a instalación solicitada detallando: calendario no que pretende desenrolarse a actividade, número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos (non podéndose superar en caso algún o aforo da instalación); identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións para o seu uso por outros beneficiarios; acreditar estar en posesión de póliza vixente de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos nas instalacións municipais ou responsabilidades que poidan derivarse da celebración do acto pola contía a determinar no correspondente informe técnico .

2. De igual forma a entidade usuaria encargarse de realizar todas aquelas labores de montaxe dos elementos materiais necesarios para o desenrolo da actividade.

3. O acceso de espectadores e acompañantes estará determinado polas características da actividade e da instalación, sendo a entidade organizadora responsable do comportamento dos mesmos e dos eventuais danos que o seu comportamento puidera causar.

C 2.- Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario que implique actividade económica para o solicitante:

No presente caso, será de aplicación o establecido no punto C1, debendo a maiores aportar os solicitantes : - Memoria económica do servizo a prestar, incluíndo as tarifas a repercutir ós usuarios, custos do servizo, outros ingresos ou subvencións, etc. ; Documentación acreditativa da personalidade do empresario e a súa capacidade de contratar segundo o establecido na lexislación de contratos das Administracións públicas, abono da taxa ou depósito previo nos termos establecidos no artigo 5 da presente ordenanza relativo á obriga de contribuir.

NOTA: ELIMÍNASE O CONTIDO DOS ARTIGOS 13 E 14 o regularse os supostos incluídos neses artigos como supostos de non suxeición no artigo 3, MOTIVO POLO



Concello de Xinzo de Limia

QUE CAMBIA A ENUMERACIÓN DOS ARTIGOS E CAPÍTULOS QUE SEGUEN.

Capítulo Quinto: Tarifas do Complexo Deportivo “A Moreira”, campo de herba artificial “José Antonio Fernández Carrera” e campo de fútbol 7 “José Antonio Fernández Carrera”:

Art. 13.- Cotas e Tarifas

A)Utilización campo de herba natural “A Moreira”:

1. Con iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 62,19 €.

2.Sen iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 51,86 €.

B)Utilización campo de herba artificial “Jose Antonio Fernández Carrera”:

1. Con iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 41,52 €.

2. Sen iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 31,09 €.

C)Utilización campo de fútbol 7 “Jose Antonio Fernández Carrera”:

1. Con iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 31,09 €.

2. Sen iluminación (por hora ou fracción) para adestramentos: 20,76 €.

Normas De Xestión

Art. 14.-Normas De Xestión .

Será de aplicación íntegra o establecido no artigo 12 da presente ordenanza relativo ás normas de xestión do pavillón municipal.

NOTA: ELIMÍNASE O CONTIDO DOS ARTIGOS 17 E 18 o regularse os supostos incluídos neses artigos como supostos de non suxeición no artigo 3, MOTIVO POLO QUE CAMBIA A ENUMERACIÓN DOS ARTIGOS, CAPÍTULOS E TÍTULOS QUE SEGUEN.

Título Sexto: Normas de xestión Devolucións

Art. 15.- 1. Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo o servizo non se preste ou realice, procederá a devolución do importe correspondente.

2.Non haberá lugar a devolución de ningún importe cando o servizo non se use ou desfrute por causa imputable ó propio usuario, bastando para iso coa obriga municipal de pór ó dispor do usuario a instalación e os medios necesarios para desfrutar da actividade de que se trate.

Título Sétimo: Infraccións e sancións Infraccións e Sancións Tributarias

Art. 16.- En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias estarase ó disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e nas disposicións complementarias e demais normativa concordante que, ditada na súa aplicación e desenvolvemento, poida resultar de aplicación.

Disposición final.

*A presente modificación de ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal na reunión de _____de 2018, substitúe e derroga á anterior aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013 no que foi modificada, e entrará en vigor a partir da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente. “**SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello, nun dos diarios de maior difusión na provincia, e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por prazo de trinta (30) días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e***



Concello de Xinzo de Limia

interpor as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. *Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

CUARTO. *Facultar ao Sr. Alcalde Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto e realizar cantos trámites resulten precisos de cara a entrada en vigor da presente modificación da Ordenanza Fiscal.*

QUINTO. *Dar traslado do presente acordo ó Concelleiro de facenda, ó Concelleiro de Deportes así como ós servizos da área económico financeira.*

Expediente 8332/2018. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO (BNG) A RESPECTO DO SECTOR ELÉCTRICO:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda***, do día 02/01/2019, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o escrito de data 20/11/2018 (2018-E-RC-2018) presentado polo Grupo Municipal Mixto (BNG) por medio do cal achegan Moción do seguinte tenor literal:

"O Grupo Municipal do BNG (Bloque Nacionalista Galego) de Xinzo da Limia, ao abeiro da lexislación vixente en materia de réxime local, presenta ao Pleno do Concello a seguinte MOCIÓN a respecto do SECTOR ELÉCTRICO, para o seu debate e aprobación, se procede.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacionalismo galego defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposible de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.

Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posto que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como "beneficios chovidos do ceo", especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostos que se solapan, atópase no tramo máis elevado do IVE, no 21%, sendo un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adxudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, no noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármolos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recollía como posibilidade en obrigatorio para o 2013. Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulles a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostos nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegos imos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posíbel avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corrixir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparelados elevados custos sociais e medioambientais que deben sernos compensados.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas €, asemade, contribuíría a asentarmos o tecido industrial e económico do país, frear a deslocalización e evitar a nosa desindustrialización.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central:

1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.
2. Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para O exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.
3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega para que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción."

Intervén o Sr. Alcalde para propor que a moción se aprobe tal e como está redactada, coa seguinte modificación: onde di: "instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno Central", que diga: "instar ao

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Goberno Central".

O Sr. concelleiro Ramiro Rodríguez acepta a emenda.

Non producíndose debate resulta ditaminado *favorablemente* cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Xinzo Adiante (2), a favor do concelleiro do Grupo Mixto (1), e coas abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), a *seguinte proposta de acordo*:

Instar ao Goberno Central:

- 1.- A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.
- 2.- Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para O exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.
- 3.- Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega para que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción. (...)"

O Sr. Alcalde da paso á primeira quenda de intervencións.

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez, do Grupo Mixto** para manifestar que xa é hora de solucionar este tema dado que o acontecido nos últimos anos é inadmisíble, motivo polo que propuxo dita moción a fin de reducir o IVE do 21% ó 4%, dado que estamos ante un ben de primeira necesidade; pedir que se exclúa a Galicia da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013 ó ser inadmisíble dada a condición de produtores dos galegos e que se modifique a lei 24/2013, do sector eléctrico de xeito que se permita a regulación dunha tarifa eléctrica galega como xa fixeron os vascos, e que permitiría atraer empresas e crear emprego. Agradece o apoio dos grupos da oposición. Remata a súa intervención indicando que a situación actual do sector eléctrico é "unha tomadura de pelo", porque non se reducen as tarifas, antes ben o contrario, dado que a realidade é que soportamos unha das tarifas máis caras de toda Europa.

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos, do Grupo Xinzo Adiante**, para manifestar o seu apoio á moción, indicando que na actualidade xa hai países en Europa que pagan un IVE reducido, engadindo que se debería apoiar tamén as enerxías renovables.

Intervén a **Sra. Elvira Lama, do Grupo Socialista**, para manifestar o seu apoio á moción, se ben puntualiza que o partido socialista sempre apoiou que "pague máis quen máis ingresa", e neste caso o IVE é un imposto indirecto que graba por igual sen ter en conta a renda, e asemade que discrepa da tarifa eléctrica galega.

Intervén o **Sr. concelleiro Carlos Gómez, do Grupo de Goberno**, para manifestar que está de acordo coas puntualizacións realizadas pola portavoz do grupo municipal socialista e indica que España debe seguir consolidando as reformas do sistema eléctrico, puntualizando que o incremento das tarifas débese a un déficit tarifario que abrangue dende o ano 2004 ata o ano 2011 e que herdou o partido popular. Asemade



Concello de Xinzo de Limia

sinala que o partido popular adoptou medidas con respecto ós consumidores vulnerables neste tema e que apoiarán todas as medidas que se poidan adoptar, se ben puntualiza en relación ó manifestado polo Sr. Ramiro Rodríguez que Galicia non é unha nación.

O **Sr. Alcalde** da paso á **segunda quenda de intervencións**.

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez, do Grupo Mixto** indicando que a finalidade última da moción é solventar as seguintes cuestións fundamentais: a fiscalidade que soportamos, independentemente da renda, dado que estamos ante un ben de primeira necesidade; que se exclúa a Galicia da Orde definitiva para a tramitación respecto ós suplementos territoriais; que se estableza unha tarifa eléctrica galega, a semellanza da que xa ten regulada o País Vasco, habida conta da nosa condición de produtores de enerxía eléctrica.

Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros adoitándose o seguinte acordo:**

Instar ao Goberno Central:

1.- A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.

2.- Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para O exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galego, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.

3.- Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega para que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

Expediente 8352/2018.MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR O GOBERNO A NON DEROGACION DA LEI DE SEGURIDADE CIDADÁ NO SEU APARTADO DA PRISION REVISABLE PERMANENTE:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar***, do día 02/01/2019, do seguinte teor literal:

"(...)Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o 26/12/18 (2018-E-RC-8801), presentado polo polo *Grupo Municipal Popular*, por medio do cal xuntan Moción, do seguinte teor literal:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Fai un mes celebrouse o día en contra da Violencia de Xénero, lacra que día a día afecta a milleiros de persoas directa e indirectamente. Acosos, abusos, violacións, malos tratos e homicidios, enchen, por desgracia as novas dos telexornais ou xornais.

No ano 2015 aprobouse a Lei de Seguridade Cidadá, onde a Prisión Permanente Revisable pasou a ser o maior castigo penal para unha persoa ou persoas que cometen un asasinato.

Os homicidios por violencia de xénero ou homicidios sexuais están dentro deste castigo máximo. Xa que estudos avalan que as persoas que cometen este tipo de crueis asasinatos non son capaces de reinsertar de novo na sociedade sen voltar a cometer o mesmo delito outra vez.

Por todo o exposto, propónse ao pleno para o seu debate e aprobación se procede do seguinte:

ACORDO:

Instar ao Ministerio de Xustiza do Goberno de España a non derogar a Lei de Seguridade Cidadá no seu apartado de Prisión Permanente Revisable para evitar , no posible, novos homicidios de asasinados reincidentes. "

Tras o debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), e a abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), do concelleiro do Grupo Mixto (1), e dos concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), a seguinte proposta de acordo:

Instar ao Ministerio de Xustiza do Goberno de España a non derogar a Lei de Seguridade Cidadá no seu apartado de Prisión Permanente Revisable para evitar , no posible, novos homicidios de asasinados reincidentes. (...)"

O Sr. Alcalde da paso á primeira quenda de intervencións.

Intervén o **Sr. concelleiro Carlos Gómez, do Grupo de Goberno**, manifestando que na presente moción pídese ó Ministerio de Xustiza a non derogación da Lei de Seguridade Cidadá no que atinxe á prisión permanente revisable dado que o mantemento da mesma pode contribuír a loitar contra a lacra que sofren moitas mulleres pois podería evitar a reincidencia.

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez, do Grupo Mixto** para expor que non están de acordo co proposto dado que considera que a prisión permanente revisable trátase dunha pena inconstitucional que vulnera os dereitos humanos. Entende que a prisión permanente revisable trátase dunha cadea perpetua e encuberta e recórdalle ó grupo de goberno que o aumento das penas non supón reducir os delitos como se demostra co que acontece en EE.UU., recorda que as medidas máis efectivas son as medidas de prevención. Remata a súa intervención indicando que resulta paradóxico que esta moción coincida coas negociacións do partido popular co partido de extrema dereita en Andalucía.

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos, do Grupo Xinzo Adiante**, indicando que esta moción responde a un oportunismo político para castigar ó goberno central e chegar a un acordo con "VOX" en Andalucía. Engade que se trata dun tema interpretativo e que a lexislación española vixente xá prevé penas de prisión moi altas. Manifesta que aínda que non é un experto na materia, considera que o sistema xudicial español é criticable e que o sistema penitenciario non é un método para rehabilitar a ninguén. Asemade engade que o que hai que facer para evitar delitos de xénero é centrarse nas medidas de prevención baseadas na educación, a igualdade plena entre homes e mulleres, etc., porque unha vez cometido o delito o problema xá está creado. Remata a súa



Concello de Xinzo de Limia

intervención anunciando o seu voto en contra.

Intervén a **Sra. Elvira Lama, do Grupo Socialista**, para manifestar que o grupo de goberno trae unha moción "tipo" "de fábrica" para un tema que non é competencia da corporación e que está pendente de que se pronuncie o Tribunal Constitucional. Afirmar que legislar non é doado pero recorda que aínda hai moitos xuíces moi machistas. Engade que a prisión permanente revisable foi introducida no ano 2015 e que a pesar diso non diminuíron os delitos nin se reduciron as mortes. Remata a súa intervención indicando que este plenario non é o foro adecuado para tratar este tema e que a presente proposta responde a un seguidismo político, motivos polos que prega ó grupo de goberno que retiren a moción e que esperen a que se pronuncie o Tribunal Constitucional.

Intervén o **Sr. Alcalde** para manifestar que o grupo de goberno non fai seguidismo político senón que este tema aféctanos a todos como a calquera cidadán español e recórdalle á Sra. Elvira que todos os presentes xa solicitamos medidas de prevención noutro pleno e agora o que pedimos é que os delitos non queden impunes solicitando que as penas se cumpran e que crímenes desta índole que se castiguen coa prisión permanente revisable. Recoñece que a pena de morte non rebaixa delitos pero puntualiza que aquí non se está tratando a pena de morte senón a prisión permanente revisable, isto é "si no estás rehabilitado te quedas en la cárcel".

O **Sr. Alcalde** da paso á **segunda quenda de intervencións.**

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez, do Grupo Mixto** facéndose a seguinte pregunta: Porqué non se cumpre a lei como se puido ver no caso da "Manada" cando os políticos cataláns atópanse no cárcere?. Ó que responde que a lei actual non se aplica. Considera que é preciso insistir no tema de prevención e que é preciso solicitarlle a Feijóo que dote de recursos a Lei de Igualdade de Galicia que é das máis avanzadas de España pero que non se pode aplicar como se debera por falta de orzamentos.

Intervén a **Sra. Elvira Lama, do Grupo Socialista**, para reiterar que o código penal xa establece penas altas pero que quen interpreta a lei son os xuíces e que a prisión permanente revisable non reduce os delitos. Remata a súa intervención manifestando que non está a favor das cadeas perpetuas nin de legislar "en quente", pedíndolle ó grupo de goberno que deixen a moción sobre a mesa.

Intervén o **Sr. Alcalde** para indicar que a Xunta de Galicia o ano pasado destinou a prevención 13 millóns de euros e para este ano 14 millóns de euros; que neste plenario xa se pediu que a xudicatura se formase en materia de igualdade e violencia de xénero, e que agora toca adoptar o terceiro paso, que é o que se propón na presente moción, relativo a que quen comete o delito cumpra a pena e que a maiores a mesma sexa revisable en función de que o condenado estea rehabilitado ou non.

Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros**



Concello de Xinzo de Limia

do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), e cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), adoitándose o seguinte acordo:

Instar ao Ministerio de Xustiza do Goberno de España a non derogar a Lei de Seguridade Cidadá no seu apartado de Prisión Permanente Revisable para evitar , no posible, novos homicidios de asasinados reincidentes.

Expediente 8354/2018. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A MELLORA DA SINALIZACION HORIZONTAL E VERTICAL NA ESTRADA NACIONAL 525 O SEU PASO POLA VILA DE XINZO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Rexime Interior e Tráfico***, do día 02/01/2019, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o 26/12/18 (2018-E-RC-8800), presentado polo polo *Grupo Municipal Popular*, por medio do cal xuntan Moción, do seguinte teor literal:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Fai case dous meses partes en mal estado do firme da N-525 ao paso polo noso Concello e os concellos limítrofes foron saneadas con novo aglomerado.

Nesas zonas saneadas non se pintou a sinalización horizontal co conseguinte problema para os conductores nas horas de pouca visibilidade; que son moitas nesta época do ano na que estamos, onde os días son máis curtos que as noites.

Esta non sinalización xa ten sido un factor importante en varios accidentes, algún con vítimas mortais.

Por todo o exposto, propónse ao pleno para o seu debate e aprobación se procede do seguinte:
ACORDO:

Instar ao Ministerio de Fomento do Goberno de España de dotar dunha partida económica para a sinalización horizontal e mellora da vertical da estrada N-525 ao seu paso polo Concello de Xinzo de Limia e concellos limítrofes. "

Non producíndose debate resulta ditaminado favorablemente por unanimidade, a seguinte proposta de acordo:

Instar ao Ministerio de Fomento do Goberno de España de dotar dunha partida económica para a sinalización horizontal e mellora da vertical da estrada N-525 ao seu paso polo Concello de Xinzo de Limia e concellos limítrofes. (...)"

Non producíndose debate, a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros, adoitándose o seguinte acordo:**

Instar ao Ministerio de Fomento do Goberno de España de dotar dunha partida económica para a sinalización horizontal e mellora da vertical da estrada N-525 ao seu paso polo Concello de Xinzo de Limia e concellos limítrofes.

Expediente 8364/2018. PLUS DE PERIGOSIDADE, PENOSIDADE E TOXICIDADE DO

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

PERSOAL DA BRIGADA MUNICIPAL:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó **Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Rexime Interior e Tráfico**, do día 02/01/2019, do seguinte teor literal:

"(...)Vista a PROPOSTA DE ALCALDÍA 26/12/2018, do seguinte teor literal:

"(...) APROBACIÓN PLUS DE TOXICIDADE, PENOSIDADE E TOXICIDADE POLA REALIZACIÓN DE TRABALLOS CON PRODUCTOS BITUMINOSOS (BRIGADA DE OBRAS)

Visto informe de Secretaría e Intervención de data 13/12/2018.

Vista acta da mesa de negociación de data 18 de decembro de 2018 do seguinte teor literal:

"4.- Plus de perigosidade, penosidade e toxicidade persoal da Brigada. (Expediente 6288/2018).

A mesa de negociación considera que o persoal da Brigada que traballa con produtos bituminosos debe recibir o Plus de perigosidade, penosidade e toxicidade recollido no artigo 25 do Convenio, e que o cálculo do mesmo debe realizarse nos termos recollidos no informe de Secretaría, do seguinte xeito:

"débense incrementar as retribucións dos operarios na contía calculada segundo a fórmula (Retribución anual/ xornada anual) x 0,35(...). Trataríase dun complemento que se aboaría en función do tempo realmente destinado a estas tarefas segundo se especifica no artigo 25 do Convenio, tendo en conta ademais que segundo o informado pola asesoría laboral do concello e o xefe da brigada de obras as funcións de asfaltado se efectúan durante menos da metade da xornada ordinaria. Consecuentemente, por tratarse dun complemento que se percibe en función do tempo traballado, non se aboaría durante as vacacións e non tería o carácter de consolidable."

Visto Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, por el que se establece el régimen de las retribuciones de los funcionarios de Administración Local, que establece a competencia plenaria en relación a aprobación de complementos retributivos.

Propoño

1) Aprobar o Plus de perigosidade, penosidade e toxicidade recollido no artigo 25 do Convenio, para aqueles traballadores da brigada municipal de obras que traballan con produtos bituminosos.

2) Determinar que o cálculo do Plus de perigosidade, penosidade e toxicidade recollido no artigo 25 do Convenio se realice nos termos recollidos no informe de Secretaría, do seguinte xeito: "débense incrementar as retribucións dos operarios na contía calculada segundo a fórmula (Retribución anual/ xornada anual) x 0,35(...). Trataríase dun complemento que se aboaría en función do tempo realmente destinado a estas tarefas segundo se especifica no artigo 25 do Convenio, tendo en conta ademais que segundo o informado pola asesoría laboral do concello e o xefe da brigada de obras as funcións de asfaltado se efectúan durante menos da metade da xornada ordinaria. Consecuentemente, por tratarse dun complemento que se percibe en función do tempo traballado, non se aboaría durante as vacacións e non tería o carácter de consolidable".

3) Que previos os informes e trámites oportunos, se proceda o recoñecemento individualizado do citado complemento a favor de cada traballador/a destinado á equipa de asfaltado dende setembro do 2017. (...)"

Tras o debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde),cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), e coas abstencións do concelleiro do Grupo Mixto (1), e dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), a seguinte proposta de acordo:

1) Aprobar o Plus de perigosidade, penosidade e toxicidade recollido no artigo 25 do Convenio, para aqueles traballadores da brigada municipal de obras que traballan con produtos bituminosos.

2) Determinar que o cálculo do Plus de perigosidade, penosidade e toxicidade recollido no artigo 25 do Convenio se realice nos termos recollidos no informe de Secretaría, do seguinte xeito: "débense incrementar as retribucións dos operarios na contía calculada segundo a fórmula (Retribución anual/ xornada anual) x 0,35(...). Trataríase dun complemento que se aboaría en función do tempo realmente destinado a estas tarefas segundo se especifica no artigo 25 do Convenio, tendo en conta ademais que segundo o informado pola asesoría laboral do concello e o xefe da brigada de obras as funcións de asfaltado se efectúan durante menos da metade da xornada ordinaria. Consecuentemente, por tratarse



Concello de Xinzo de Limia

dun complemento que se percibe en función do tempo traballado, non se aboaría durante as vacacións e non tería o carácter de consolidable”.

3) Que previos os informes e trámites oportunos, se proceda o recoñecemento individualizado do citado complemento a favor de cada traballador/a destinado á equipa de asfaltado dende setembro do 2017. (...)”

Non producíndose debate, a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros, adoitándose o seguinte acordo:**

1) Aprobar o Plus de perigosidade, penosidade e toxicidade recollido no artigo 25 do Convenio, para aqueles traballadores da brigada municipal de obras que traballan con produtos bituminosos.

2) Determinar que o cálculo do Plus de perigosidade, penosidade e toxicidade recollido no artigo 25 do Convenio se realice nos termos recollidos no informe de Secretaría, do seguinte xeito: “débense incrementar as retribucións dos operarios na contía calculada segundo a fórmula (Retribución anual/ xornada anual) x 0,35)(...). Trataríase dun complemento que se aboaría en función do tempo realmente destinado a estas tarefas segundo se especifica no artigo 25 do Convenio, tendo en conta ademais que segundo o informado pola asesoría laboral do concello e o xefe da brigada de obras as funcións de asfaltado se efectúan durante menos da metade da xornada ordinaria. Consecuentemente, por tratarse dun complemento que se percibe en función do tempo traballado, non se aboaría durante as vacacións e non tería o carácter de consolidable”.

3) Que previos os informes e trámites oportunos, se proceda o recoñecemento individualizado do citado complemento a favor de cada traballador/a destinado á equipa de asfaltado dende setembro do 2017.

Expediente	6178/2018.	PROPOSTA	COMPLEMENTO	RETRIBUTIVO
INCAPACIDADE TEMPORAL:				
Favorable		Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento		
O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó <i>Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Rexime Interior e Tráfico</i>, do día 02/01/2019, do seguinte teor literal: "(...)Vista a Proposta da Alcaldía, de data 27/12/2018, do seguinte teor literal: "(...) APROBACIÓN COMPLEMENTO RETRIBUTIVO INCAPACIDADE TEMPORAL Vista a Proposta da Alcaldía de data 13/12/2018, informada favorablemente pola Interventora Municipal, en virtude da cal, accédese ao solicitado polo representante do sindicato CIG, respecto a que se abone o complemento retributivo dende o primeiro día de incapacidade temporal acadando o 100% das retribucións fixas, con efectos retroactivos á data de entrada en vigor da Lei 6/2018, de 3 de xullo de presupostos xerais do Estado para o ano 2018, sendo o contido literal de dita proposta: “(…) Visto a Disposición adicional quincuagésima cuarta Prestación económica en la situación de incapacidad temporal del personal al servicio de las Administraciones Públicas y organismos y entidades públicas dependientes de las mismas da Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, cuxo tenor literal establece: “(…) Uno. Cada Administración Pública podrá determinar, previa negociación colectiva, las				

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xunzo de Limia

retribucións a percibir por el personal a su servicio o al de los organismos y entidades públicas dependientes, en situación de incapacidad temporal y en el caso del personal funcionario al que se le hay expedido licencia por enfermedad, de acuerdo con las siguientes reglas:

1.ª Respecto al personal funcionario incluído en el Régimen General de Seguridad Social y al personal estatutario y laboral, se podrá establecer un complemento retributivo desde el primer día de incapacidad temporal que, sumado a la prestación del Régimen General de la Seguridad Social, alcance hasta un máximo del cien por cien de sus retribucións fijas del mes de inicio de la incapacidad temporal.(...)"

PROPONSE establecer un complemento retributivo dende o primeiro día de incapacidade temporal que acade o 100% das retribucións fijas. (...)"

Vista acta da mesa de negociación de data 18 de decembro de 2018 do seguinte teor literal: "2.- Proposta complemento retributivo incapacidad temporal. (Expediente: 6178/2018). A mesa de negociación está de acordo coa proposta de Alcaldía, sen producirse debate. " Propoño

1) Establecer un complemento retributivo dende o primeiro día de incapacidade temporal que acade o 100% das retribucións fijas, con efectos retroactivos á data de entrada en vigor da Lei 6/2018, de 3 de xullo de presupostos xerais do Estado para o ano 2018
2) Dar traslado ós Departamentos de Intervención, Tesourería, Persoal e á Asesoría Laboral "Eido Empresa", aos efectos oportunos. (...)"

Tras o debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde),cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xunzo Adiante" (2), e coas abstencións do concelleiro do Grupo Mixto (1), e dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), a seguinte proposta de acordo:

1) Establecer un complemento retributivo dende o primeiro día de incapacidade temporal que acade o 100% das retribucións fijas, con efectos retroactivos á data de entrada en vigor da Lei 6/2018, de 3 de xullo de presupostos xerais do Estado para o ano 2018
2) Dar traslado ós Departamentos de Intervención, Tesourería, Persoal e á Asesoría Laboral "Eido Empresa", aos efectos oportunos. (...)"

Non producíndose debate, a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade de tódolos concelleiros, adoitándose o seguinte acordo**:

1) Establecer un complemento retributivo dende o primeiro día de incapacidade temporal que acade o 100% das retribucións fijas, con efectos retroactivos á data de entrada en vigor da Lei 6/2018, de 3 de xullo de presupostos xerais do Estado para o ano 2018

2) Dar traslado ós Departamentos de Intervención, Tesourería, Persoal e á Asesoría Laboral "Eido Empresa", aos efectos oportunos.

Expediente 8339/2018. MOCION GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE INCENTIVOS FISCAIS Ó COMBUSTIBLE EN MATERIA AGRICOLA:

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 16, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide á Sra. Secretaria que de lectura ó **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Pedanías, Desenvolvemento Agrario e Industrial, e Participación**

Concello de Xunzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Cidadá, do día 02/01/2019, do seguinte teor literal:

"(...)Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o 26/12/18 (2018-E-RC-8799), presentado polo polo *Grupo Municipal Popular*, por medio do cal xuntan Moción,coa seguinte proposta de acordo:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Hai tempo que as asociacións de Agricultores e Gandeiros veñen queixándose que a subida dos impostos ao gasóleo agrícola está a facer que cada día sexa máis difícil levar adiante unha explotación agrícola ou gandeira. Onde levamos subidas de un 60% segundo os estudos de ditas asociacións.

A nosa comarca é a máis importe de Galicia tanto agrícola como gandeira, sendo o motor principal da nosa economía e futuro dos xoves agricultores e gandeiros.

Por todo o exposto, proponse ao pleno para o seu debate e aprobación se procede do seguinte:

ACORDO:

Instar ao Goberno de España a frear as subidas ao gasóleo agrícola e incentivar con rebaixas fiscais as explotacións agrícolas e gandeiras para evitar o abandono ou peche das mesmas, apostando polo sector primario como base económica en comarcas como a nosa."

Tras o debate resulta ditaminado favorablemente cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (PP) (5+ 1, o Alcalde), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), do concelleiro do Grupo Mixto (1), e dos concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (2), a seguinte proposta de acordo:

Instar ao Goberno de España a frear as subidas ao gasóleo agrícola e incentivar con rebaixas fiscais as explotacións agrícolas e gandeiras para evitar o abandono ou peche das mesmas, apostando polo sector primario como base económica en comarcas como a nosa. (...) "

O **Sr. Alcalde** da paso á **quenda de intervencións**.

Intervén o **Sr. Ramiro Rodríguez, do Grupo Mixto** para manifestar que no noso país temos un problema co prezo do combustible e que o PP o que fixo é aprobar o Decreto 45/2015 que conlevou que os prezos máis altos de todo o Estado sexan os de Galicia, sendo este un problema que afecta a todos e especialmente ós gandeiros. Indica que ante esta situación o Presidente da Xunta de Galicia a solución que adopta é derivarlle a responsabilidade ós concellos propondo que os mesmos non paralicen a apertura de gasoleiras. Remata a súa intervención sinalando que si ben considera que esta moción debería de dirixirse á Xunta de Galicia e non ó Estado, sen embargo, como queira que está de acordo co fondo é polo que anuncia a súa abstención.

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos, do Grupo Xinzo Adiante**, manifestando que o seu grupo vai a apoiar tódalas medidas que se adopten para axudar ós agricultores se ben indica que xa existe unha medida relativa á bonificación consistente na devolución do 8% do custe que soportaron todo o ano, previa solicitude.

Intervén a **Sra. Elvira Lama, do Grupo Socialista**, indicando que o custo de produción das explotacións agropecuarias dispárase por mor do prezo do gasóleo agrícola o que explica en moitos casos o peche das mesmas, e a maiores salienta que o céntimo sanitario fai que Galicia sexa unha das comunidades autónomas co prezo do carburante máis alto, motivos polos que anuncia o seu voto a favor.



Concello de Xinzo de Limia

Intervén o **Sr. concelleiro Carlos Gómez, do Grupo de Goberno**, indicando que no que atinxe ó céntimo sanitario recorda ó plenario que a partir do 31/12/2018 xa non está en vigor e que se aplicará un gravame do 4% para tódalas CC.AA.. Asemade sinala que dado que os custos de produción das explotacións agrícolas e gandeiras agrávanse de xeito importante polos custos do gasóleo agrícola é polo que se propoñen as medidas recollidas na presente moción.

Finalmente a proposta de acordo **resulta aprobada** cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e coa abstención do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), **adoitándose o seguinte acordo:**

Instar ao Goberno de España a frear as subidas ao gasóleo agrícola e incentivar con rebaixas fiscais as explotacións agrícolas e gandeiras para evitar o abandono ou peche das mesmas, apostando polo sector primario como base económica en comarcas como a nosa.

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL "XINZO ADIANTE" PARA A ELIMINACIÓN DO CÉNTIMO SANITARIO QUE SE LLE APLICA A DETERMINADOS HIDROCARBUROS:

Non hai acordo

Motivo: Falta de quórum

Intervén o **Sr. Manuel Pérez Campos, do grupo municipal "Xinzo Adiante"**, para expoñer o contido da Moción urxente que presenta ao Plenario, para instar á Xunta de Galicia á eliminación do céntimo sanitario que se lle aplica a determinados hidrocarburos, sendo a parte dispositiva da mesma a seguinte:

"(...) Único: Instarlle á Xunta de Galicia a que elimine o "céntimo sanitario" para así, abaratar un pouco os prezos dos hidrocarburos xa de por sí altos. (...)"

Antes de proceder á votación da urxencia, intervén o **Sr. Alcalde** indicando que dado que coa reforma lexislativa aprobada elimínase o "céntimo sanitario", gravándose o combustible a tódalas CC.AA. por igual, é polo que propón ó portavoz do grupo municipal "Xinzo Adiante" que retire a moción urxente presentada ó que accede o Sr. Manuel Pérez Campos.

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA ATENDER AS DEMANDAS DOS VECIÑOS E VECIÑAS DE LAMAS:

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Intervén a **Sra. Elvira Lama Fernández, do grupo municipal Socialista**, para expoñer o contido da Moción urxente, que presenta ao Plenario, para atender as demandas dos veciños e veciñas de Lamas, presentada o día 07/01/2019 (nº 2019-E-RC-100), sendo a parte dispositiva da mesma a seguinte:

"(...) 1. Que o Concello de Xinzo se comprometa a atender as demandas feitas polos veciños e veciñas de Lamas recollidas na exposición de motivos con URXENCIA, habilitando partida orzamentaria suficiente para atendela o antes posible. (...)"

Antes de proceder á votación da urxencia, intervén o **Sr. Alcalde** indicando que mantivo unha reunión con veciños de Lamas na que se lle transmitiu ditos problemas e cos que quedou en solucionalos cando se habilite partida orzamentaria ao efecto, non sendo certo que esixira que o pedáneo demandara de novo ditos peticións, como se alude na exposición de motivos da moción, rematando a súa intervención indicando que non se necesitan máis intermediarios que os propios veciños.

Dado que esta proposta non foi incluída na orde do día o presidente expón que para proceder a tratar e votar este punto é necesario a previa declaración de urxencia por maioría absoluta de membros do plenario, consonte os artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais.

Realizada a votación, a inclusión na orde do día desta moción urxente é **REXEITADA a súa urxencia cos votos en contra dos Concelleiros do Grupo de Goberno (8+1, o Alcalde), e cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante" (3), e co voto a favor do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1).**

MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA AUMENTAR O CENSO DE POBOACIÓN DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA:

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 9, Abstencións: 0, Ausentes: 0

